



TERCERA ADDENDA AO CONTRATO PROGRAMA DE GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVICIOS SANITARIOS, S.A. E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, NO PERIODO 2025 E PRÓRROGA 2026

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS:

Dunha parte, **D. José Ramón Parada Jorgal**, Xerente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co nomeamento recollido no Decreto 116/2024, do 29 de abril, actuando en nome e representación deste, en uso das atribucións delegadas de conformidade co establecido no artigo 4, punto j) da Orde do 22 de abril de 2020, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

Doutra parte, **Dña. Rocío Mosquera Álvarez**, con DNI 34911297 B Directora Xerente, actuando en nome e representación de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. resultando as súas facultades xenéricas da escritura de poder outorgada o seu favor o 22 de febreiro de 2018, ante o notario de Santiago de Compostela, D. Manuel Remuñán López, co número 366 do seu protocolo.

Ambas as dúas partes recoñécense capacidade legal suficiente para formalizar este documento e para o efecto

EXPOÑEN:

I. Que con data 29 de decembro de 2022 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Contrato programa entre Galaria, Empresa Pública de servizos Sanitarios, S.A. (en adiante Galaria) e o Servizo Galego de Saúde para a realización de servizos de alta tecnoloxía sanitaria, consultoría, especialmente no eido da alta tecnoloxía sanitaria, servizos de protección radiolóxica, xestión do centro de produción de fármacos, xestión do servizo de atención ao teléfono único do Sergas, a prestación de xestión ordinaria e administración e outras actividades conexas e consecuentes co obxecto social da empresa Galaria, que se acorde co Servizo Galego de Saúde.

II. Que con data 31 de decembro de 2024 asinouise a segunda Addenda ao contrato programa recollido no paragrafo anterior onde se establecía que transcorrido o prazo de vixencia inicialmente previsto, o contrato programa prevé a posibilidade da súa prórroga por períodos anuais ata un máximo de 4 anos procedéndose a súa prórroga para o ano 2025.

III. No mencionado contrato programa sinalábase no seu apartado décimo o seguinte:



O contrato-programa poderá modificarse nos seguintes casos:

1. Que expresamente se estableza **un novo importe das transferencias** no acordo de prórroga anual.
2. Que se aproben **novos módulos** ou se modifique ou substitúa algún dos módulos vixentes.
3. Autorización expresa por parte da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde (Subdirección Xeral de Xestión Asistencial e innovación) para a realización de novos procedementos asistenciais.
4. **Incremento de servizos sanitarios** ao longo da anualidade motivada por novas probas ou procedementos.
5. Realización de **novos proxectos** vinculados co obxecto social de Galaria segundo se solicite desde o Servizo Galego de Saúde (previa modificación do importe anual adaptado as necesidades de financiamento).

IV. No Consello de administración de Galaria celebrado o 2 de xullo de 2025 preséntase as liñas de actuación e proxectos máis relevantes **para o exercicio 2025** autorizándose a tramitación dun novo contrato programa segundo as condicións e importes previamente validadas na reunión da Subcomisión de seguimento do contrato programa de data 16 de xuño de 2025. Estas condicións serán as que finalmente determinen as cláusulas recollidas na presente Addenda.

V.- O incremento na demanda asistencial que de forma xenérica afecta ao servizo público de saúde, e máis concretamente nas diferentes unidades asistenciais que xestiona, deriva **na necesidade de modificalos niveis estimados de actividade para 2025 que permita incorporar esta maior número de tratamentos/probas/procedementos** evitando incrementos significativos nos tempos de espera, de informado de probas diagnósticas e tratamentos oncolóxicos.

Entre os cambios relevantes producidos durante os últimos anos, está o incremento significativo nos custes da actividade derivados do aumento nos prezos dos subministros e servizos pola dificultade de acceso a determinadas materias primas, a incorporación de novos radiofármacos, e o aumento de custes de produción e transporte entre outros, así como os novos contratos de mantemento do equipamento de alta tecnoloxía, o que provoca a necesidade de modificalos importes vinculados aos diferentes procedementos incluídos no contrato programa asinado entre Galaria e o Servizo Galego de Saúde. O efecto entre as distintas unidades asistenciais e diferente dado o dispar resultado que cada concepto de gasto ten sobre cada unha de elas. Este efecto recóllese nos correspondentes importes de financiamento da actividade asistencial recollidos na presente Adenda e segundo os importes por procedemento acordados na Subcomisión de seguimento do contrato programa celebrada o 16 de xuño de 2025 e aprobados polo Consello de Administración de Galaria na súa reunión de 2 de xullo de 2025.



Esta situación complexa vese condicionada igualmente pola existencia nos últimos anos do mesmo orzamento asignado a Galaria unicamente modificado polo incremento do gasto de persoal do cadro autorizado; claramente insuficiente dados os fortes incrementos de custes en outros epígrafes de gasto, incrementando o déficit da Sociedade.

VI.- Galaria xestiona a actividade diagnóstica realizada en Unidades Móviles de Resonancia Magnética atendendo a demanda ordinaria dos hospitais comarcais, ademais de atender a demanda que por necesidades de lista de espera solicitan os hospitais con equipos de resonancia magnética fixas.

Dentro dos obxectivos recollidos no apartado 4 do contrato programa establécese unha actividade obxectivo para os equipos de resonancia móbil de 25.000 resonancias, este obxectivo prorrogado para 2025 ampliaríase con carácter excepcional dependendo do período de dispoñibilidade dun cuarto equipo.

Dentro do contrato programa establécese no seu apartado I.B de actividade sanitaria en resonancias móviles, a posibilidade de realizar informes radiolóxicos sobre exploracións facilitadas polos hospitais Na presente Addenda recóllese unha estimación dos informes que se realizarían mediante esta fórmula de colaboración segundo a demanda actual de diferentes áreas sanitarias solicitantes.

A unidade de medicina nuclear de Vigo e Ourense que realiza actividade diagnóstica en cinco gammacámaras e un equipo Pet, e actividade asistencial en tres habitacións de terapia metabólica verá incrementada a súa actividade dada o forte incremento na demanda de probas Pet e a nova unidade Pet dependente de Galaria na Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras. É necesario estimar un novo nivel de actividade adicional que permita financiar os custes derivados da maior actividade e da **nova unidade**.

A maior demanda de probas Pet se produce en tódalas unidades de medicina nuclear da rede Sergas que contan con este equipo (Vigo, Santiago, A Coruña, Lugo, e agora **na unidade de Ourense**). Isto supón incrementar o nivel de fabricación de doses de radiofármacos FDG e F- Colina empregados en estes equipos e que son subministrados pola Unidade de radiofármacos Pet de Galicia (Ciclotrón) dependente de Galaria.

Por último as importantes melloras no equipamento na unidade de Oncoloxía radioterápica permiten unha mellora nos tempos de tratamento e no número de sesións incrementando deste xeito a capacidade dos equipos nunha unidade asistencial con importantes custes fixos e forte incremento na demanda que derivan na necesidade de estimar un novo nivel de actividade adicional.

A realización desta actividade a maiores estará supeditada a dispoñibilidade dos recursos necesarios ao longo do exercicio e sempre que non afecten causas sobrevidas alleas a Galaria. No caso de solicitudes adicionais as indicadas na correspondente cláusula adicional se destinarían os recursos necesarios para o seu financiamento.



VII. Na primeira Addenda ao contrato programa Galaria recolleuse na Cláusula adicional primeira a incorporación dun novo **Módulo** ao contrato programa correspondente aos traballos para o Servizo Galego de Saúde para o desenvolvemento da estratexia de **economía circular** do Servizo Galego de Saúde establecéndose como obxectivos a elaboración e presentación da mencionada estratexia.

Para dar continuidade ao proxecto e a posta en marcha de diferentes iniciativas vinculadas con expedientes de sostibilidade medioambiental no sector saúde, enerxías renovables, melloras de eficiencia enerxética e outros vinculados coa economía circular é necesario manter o encargo a Galaria de realizar as actuacións necesarias que permitan avanzar nos proxectos iniciados dentro do marco sanitario asociados coa estratexia de economía circular actualmente en marcha.

Galaria ademais de prestar servizos asistenciais de alta tecnoloxía, está facultada para desenvolver, executar e explotar infraestruturas sanitarias promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia e para desenvolver actividades de consultoría no ámbito sanitario, xunto con outros servizos relacionados co ámbito da Sanidade.

VIII. O contrato programa asinado entre Galaria, e o Servizo Galego de Saúde establece unha vixencia de dous anos dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2024.

Transcorrido o prazo de vixencia inicialmente previsto, o contrato programa prevé a posibilidade da súa prórroga por períodos anuais ata un máximo de 4 anos e sempre que se dispoña da consignación orzamentaria axeitada e suficiente.

Co obxecto de manter o mencionado contrato programa durante 2026, e mentres no se formalice un novo contrato programa (actualmente en negociación) convén a necesidade de prorrogar o contrato programa actualmente vixente.

ACORDAN

CLÁUSULA ADICIONAL PRIMEIRA: Traballos para o Servizo Galego de Saúde para o incremento da actividade asistencial no 2025.

Resonancia magnética móbil

De acordo co establecido no contrato programa actualmente en vigor, e dado o forte incremento na actividade deste tipo de probas demandado polos centros hospitalarios das diferentes áreas sanitarias, é necesario encomendar a Galaria durante 2025 a realización de probas diagnósticas adicionais de resonancia magnética a través dos equipos dispoñibles de resonancia magnética móbil, destinando os recursos humanos e materiais necesarios para a realización da actividade suplementaria así como a colaboración na realización específica de informes de resonancias realizadas en distintos centros hospitalarios de acordo co recollido no apartado I.B de Actividade sanitaria en unidades móbiles de acordo coa estimación sinalada na presente Addenda.



Oncoloxía radioterápica

Encoméndase a Galaria a realización de toda actividade asistencial dos tratamentos de teleterapia, radiocirurxía e braquiterapia que permita o cumprimento dos niveis de atención fixados nos obxectivos de atención establecidos no contrato programa. Neste sentido, e tal e como se recolle na anterior Adenda, o forte incremento de custes vinculado a esta actividade fai necesario aplicar os os importes por proba e procedemento recollidos na carteira de servizos do anterior contrato contrato programa permitindo deste xeito adaptalos a situación actual segundo a carteira de servizos en vigor.

Medicina nuclear

De acordo co establecido no contrato programa Galaria asume a realización de probas diagnósticas co emprego de gammagrafías e de equipos Pet así como tratamento de terapia metabólica mediante o emprego de radioisótopos.

O incremento significativo nos custes da actividade derivados do aumento nos prezos dos subministros e outros servizos o que provoca a necesidade de modificalos importes vinculados aos diferentes probas segundo o acordado na Subcomisión do contrato programa.

O novo equipo Pet en marcha na Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras fai necesario dotar de recursos humanos e materiais específicos para poder afrontar esta nova actividade non recollida no contrato programa inicial, e que é preciso desenvolver nunha nova unidade asistencial diferente da actual existente no hospital Sta María Nai funcionando como unha unidade asistencial independente.

Ciclotrón

Como se indica no punto anterior, a maior demanda de probas diagnósticas Pet, sumado a instalación de novos equipos realizada no 2024 e no 2025 derivan na necesidade de aumentalos niveis de produción na Unidade de radiofármacos Pet de Galicia (Ciclotrón) permitindo servir as doses de FDG e F-Colina necesarias na realización das diferentes probas diagnósticas incrementando de esta forma o obxectivo de actividade preciso para atender a nova demanda é de acordo cos novos custes estimados de produción.

Este incremento de actividade ten carácter excepcional e específico dentro do ano 2025.

Obxectivos e indicadores

A realización desta actividade encadrase dentro do obxectivo estratéxico de "viabilidade económica" e "a satisfacción dos pacientes" que forman parte dos obxectivos operativos "*asistenciais*" de acordo co recollido no contrato programa. Isto supón incrementar o indicador definido para este módulo e para estas unidades asistenciais definidas no contrato programa.



Adicionalmente, modifícanse obxectivos asociados a cada unha das unidades asistenciais como consecuencia do maior volume de actividade asistencial.

Os novos obxectivos son os seguintes:

Obxectivo estratéxico	Unidade	Obxectivo operativo	Indicador	2025
A viabilidade económica	Diagnóstico por imaxe	Alcanzar o máximo de actividade cos recursos dispoñibles	Nº de probas e informes	32.800
	Oncoloxía radioterápica		Nº de procesos	2.890
	Medicina nuclear e Pet		Nº de probas e tratamentos	15.200
	Ciclotrón		Nº de doses	14.350
A satisfacción dos pacientes	Diagnóstico por imaxe	Reducir a demora media nos centros onde se xestione actividade	Demora media de realización de probas	≤ 50 días
	Oncoloxía radioterápica	Reducir lista de espera de primeira consulta	Días de lista de espera en primeira consulta	≤ 25 días
	Medicina nuclear	Reducir a demora media dende a data idónea	Demora media de realización de probas dende a data idónea*	≤ 30 días

* Sen considerar F_Colina e PSMA dado que unicamente se produce un día á semana (5 doses)

Réxime de financiamento

O réxime económico correspóndese coa cobertura dos custes e recursos adicionais que esta actividade asistencial precisa para o desenvolvemento dos tratamentos e probas diagnósticas que se indican nos parágrafos anteriores, supón a necesidade de dotar de financiamento específico de acordo cos procedementos recollidos no Módulo I de Actividade sanitaria a realizar por Galaria, apartado I.B Actividade sanitaria en unidades móbiles

A achega do servizo Galego de Saúde a favor de Galaria como consecuencia da realización desta actividade ascende a **4.499.898 €** con cargo a aplicación orzamentaria 5001/412A/441.15.

O importe liberarase polo servizo Galego de Saúde segundo se emita por Galaria informe xustificativo da actividade realizada de acordo co establecido no propio contrato programa no Módulo I de Actividade sanitaria a realizar por Galaria,



informado favorablemente pola DX de Asistencia Sanitaria e previa aprobación pola Subcomisión de seguimento do contrato programa.

CLÁUSULA ADICIONAL SEGUNDA: Traballos para o Servizo Galego de Saúde para o desenvolvemento de proxectos vinculados coa estratexia de economía circular do Servizo Galego de Saúde.

Galaria ademais de prestar servizos asistenciais de alta tecnoloxía, está facultada para desenvolver actividades de consultoría no ámbito sanitario, xunto con outros servizos relacionados co ámbito da Sanidade, e desde o ano 2019 ten o encargo do Servizo Galego de Saúde para desenvolver e difundir a estratexia de economía circular do Sergas.

Dentro dos obxectivos estratéxicos da Xunta de Galicia establecidos no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, atópase a *Modernización e mellorar as infraestruturas e o equipamento sanitario de alta tecnoloxía e facer os nosos centros sanitarios enerxéticamente máis eficientes, promovendo a economía circular e o respecto ao medio ambiente*. A Estratexia de Economía Circular do Servizo Galego de Saúde presentada no 2023 é o modelo de xestión para desenvolver o marco de actuación para combater o cambio climático e asegurar a sustentabilidade do sistema sanitario galego, conta con cinco eixos: recursos e materias primas, residuos e pegada ambiental, deseño de procesos, investigación, innovación e investimento responsable e comportamento social.

Dentro de estes obxectivos, estanse desenvolvendo diferentes proxectos europeos destinados a mellora do marco de resiliencia vinculado co cambio climático para os sistemas de saúde e os hospitais da rede do Servizo Galego de Saúde.

Tal e como se recolleu na segunda Adenda ao contrato programa asinado entre Galaria e o Servizo Galego de Saúde, e vinculado co recollido nos parágrafos anteriores, con data 10 de outubro de 2024 asinouse acordo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde para a posta en marcha de iniciativas en materia de estratexia de cambio climático e economía circular no Servizo Galego de Saúde e a cooperación en materia de clima e saúde

Réxime de financiamento

O réxime económico correspóndese coa cobertura dos recursos humanos e materiais que estes proxectos precisan para o desenvolvemento dos traballos e actividades que se contraten e se poidan realizar de acordo coa capacidade dos recursos dispoñibles. Neste sentido é preciso axustar os recursos humanos e materiais de Galaria postos a disposición do Servizo Galego de Saúde para o desenvolvemento destes proxectos; o que supón a necesidade de dotar de financiamento específico.



As achegas do Servizo Galego de Saúde que se recoñezan a favor de Galaria como consecuencia da realización deste proxecto son as que se indican a continuación en importe anual:

	2025
06/02/541E/640/1	60.000 €

O importe liberarase no 2025 a través de transferencia de explotación do Servizo Galego de Saúde.

Documentación

Galaria remitirá informe relativo a actividade realizada a finais de 2025 á Xerencia do Servizo Galego de Saúde e a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, respectivamente.

Obxectivos e indicadores

A realización deste módulo encadrase dentro do obxectivo estratéxico de "*mellora continua*" e forma parte do obxectivos operativos "*transversais*" de acordo co recollido no contrato programa. O indicador definido para este módulo é o seguinte:

Obxectivo estratéxico	Unidade	Obxectivo operativo	Indicador	2025
A mellora continua	Economía circular e sustentabilidade	Pegada de carbono	Certificación da pegada de carbono no Sergas (2025)	1

CLÁUSULA ADICIONAL TERCERA: Prórroga do contrato programa

A cláusula terceira do contrato programa asinado establece unha vixencia de dous anos dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2024. Nesta cláusula establecíase que transcorrido o prazo de vixencia inicialmente previsto, o contrato programa pode ser prorrogado por períodos anuais ata un máximo de 4 anos

Na actualidade está prorrogado e co obxecto de manter a actividade do dito contrato programa durante 2026, é necesario prorrogalo por un período dun ano, nas mesmas condicións que as recollidas no contrato-programa, e segundo o orzamento asignado e obxectivos recollidos para 2026 e mentres non se formalice un novo.

O financiamento desta prórroga 2026, para a catividade recollida no contrato programa, nas aplicacións orzamentarias 412A/443.14 dos distintos centros



hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, sempre que se dispoña de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, é o seguinte:

ÁREA	APLICACIÓN	Proxecto 2026
ÁREA SANITARIA DE A CORUÑA E CEE	1501/412A/441.15	1.078.579,00
ÁREA SANITARIA DE FERROL	1505/412A/441.15	145.811,00
ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA	1571/412A/441.15	954.125,00
ÁREA SANITARIA DE LUGO, A MARÍÑA E MONFORTE DE LEMOS	2701/412A/441.15	1.131.565,00
ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS	3201/412A/441.15	2.144.901,00
ÁREA SANITARIA DE VIGO	3601/412A/441.15	10.568.882,00
ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA E O SALNÉS	3603/412A/441.15	827.923,00
SSCC	5001/412A/441.15	2.109.787,00
	<i>Subtotal Galaria proxecto 2014 00007</i>	<i>18.961.573</i>

En proba de conformidade, asínase o presente contrato programa no lugar arriba indicado e data de sinatura dixital:

Pola Consellería de Sanidade e Por Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.

D. José Ramón Parada Jorgal

D^a. Rocío Mosquera Álvarez